

Nome e apelidos:

DNI:

BOLSA DE TRABALLO DE ASISTENTES INFANTÍS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

1. ¿Quén elixe ó Alcalde dun municipio en España?

- a) Sempre os concelleiros.
- b) Sempre os veciños.
- c) A Deputación Provincial.
- d) A veces os concelleiros e a veces os veciños según establece a lexislación electoral xeral.

2. Non é de existencia preceptiva en tódolos Concellos ...

- a) Comisión de Goberno.
- b) Pleno.
- c) Alcalde.
- d) Tenentes de Alcalde.

3. Non é función do Alcalde ...

- a) Dictar bandos.
- b) A aprobación do Regulamento orgánico e das Ordenanzas.
- c) Exerce-la xefatura da Policía Municipal, así como o nomeamento e sanción dos funcionarios que usen armas.
- d) Entre outras, todas son funcións segundo o art. 21 da Lei de Réxime Local.

4. Non é función do Pleno...

- a) Dirixi-lo goberno e a administración municipais.
- b) O planteamento de conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións públicas.
- c) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- d) Entre outras, todas son funcións segundo o art. 22 da Lei de Réxime Local.

5. Conforme dispón literalmente a Lei 39/2015 os procedementos podrán iniciarse de oficio ou a ...

- a) Instancia de parte.
- b) Solicitud de parte.
- c) Instancia da persoa interesada.
- d) Solicitud da persoa interesada.

6. A iniciación do procedemento administrativo adóptase mediante...

- a) Trámite.
- b) Resolución.
- c) Acordo.
- d) Dictame.

7. Se un escrito de solicitude non contén a sinatura

- a) Non pasa nada porque non é un requisito esencial conforme a Lei 39/2015.
- b) Deberá devolverse ó interesado/a no momento da presentación deste.
- c) Deberá concedérselle un prazo de 10 días para que subsane a solicitude.
- d) Sinxelamente inadmitirásese o escrito indicando a causa de exclusión (falta a sinatura).

8. Da solicitude presentada tense dereito a recibir ...

- a) Copia.
- b) Copia cotexada.
- c) Recibo.
- d) Acuse de recibo.

9. ¿Qué é unha instancia?

- a) Un modelo de solicitude.
- b) Un modelo normalizado de solicitude.
- c) Un modelo de solicitude de aplicación en procedementos de concurrencia competitiva como unhas oposicións.
- d) Un modelo de solicitude de aplicación en procedementos administrativos sempre que non requiran unha resolución numerosa dos mesmos.

10. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública:

- a) Típicos: obra, concesión de obra, concesión de servizos, suministro e servizos.
- b) Especiais: aqueles outros de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por estar vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante ou por satisfacer de maneira directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela.
- c) Legais: Os contratos declarados así expresamente por unha Lei.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público, salvo que xa se encontren recollidas nos pliegos, deberán incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes, a acreditación da capacidade dos asinantes para suscribir o contrato.
- b) Definición do obxecto e tipo de contrato.
- c) Referencia á lexislación aplicable ó contrato.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

12. Na alimentación dun/dunha neno/a celíaco/a, evitaremos menús nos que estean presentes:

- a) Trigo, centeo, avea e cebada
- b) Froitas, verduras e hortalizas
- c) Millo
- d) Ningunha resposta é correcta.

13. Cómo actuaríamos ante unha pequena queimadura:

- a) Arrefriar con auga durante un tempo e acudir a un centro sanitario
- b) Botar un antiséptico local para queimaduras
- c) Tapar cun apósito e ir a un centro sanitario.
- d) Ningunha resposta é correcta.

14. Das seguintes afirmacións, sinala a opción incorrecta:

- a) O proxecto curricular de centro segundo o artigo 28º do decreto 329/2005 do 28 de xullo incluírá entre outros apartados, o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades dos/as nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación.
- b) O decreto 329/2005 do 28 de xullo , establece no seu artigo 27º os requisitos específicos para as escolas infantís.
- c) O decreto 329/2005 do 28 de xullo, establece no seu artigo 20º os requisitos comúns para as escolas infantís.
- d) Ningunha resposta é correcta.

15. De que alerxia alimentaria estamos a falar si un neno non pode tomar leite e derivados lácteos porque o seu sistema inmunitario reacciona ante istos?

- a) Lactosa
- b) PLV
- c) Celiaquia
- d) Ningunha resposta é correcta

16. Segundo o decreto 329/2005 cal é a ratio que se debe cumprir segundo os diferentes grupos de idade:

- a) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 13 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as
- b) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 10 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as
- c) 0-1 un adulto cada 8 nenos/as, 1-2 un adulto cada 15 nenos/as, 2-3 un adulto cada 20 nenos/as

17. Segundo o decreto 329/2005 , cal é a proporción de persoal cualificado que deben ter as escola infantís de 0 – 3 ?

- a) O número de persoal cualificado será igual a de unidades en funcionamento mais un.
- b) O número de persoal cualificado será igual o das unidades en funcionamento mais o persoal de apoio e servizos xerais.
- c) O número de persoal cualificado será o das unidades en funcionamento que teña o centro.
- d) Ningunha resposta é correcta.

18. As rutinas serven para:

- a) Crear hábitos
- b) Exteriorizar as normas
- c) a e b son correctas
- d) Ningunha resposta é correcta.

19. Cal dos seguintes requisitos non é necesario antes de acometer a elaboración do plan de análise de perigos e Puntos de Controis Críticos (APPCC)?

- a) Condicións estruturais axeitadas e un plan de mantemento
- b) Un plan de formación de manipuladores de alimentos.
- c) Unha cociña nova con todos os adiantos técnicos
- d) Un manual de boas prácticas de hixiene na manipulación

20. A dieta na que se eliminan residuos e alimentos ricos en fibras coñécese como:

- a) Laxante
- b) Astrinxentes
- c) Hiperlipemia
- d) Ningunha resposta é correcta.

21. Que alimentos dos seguintes conteñen glute e polo tanto non poden ser subministrados ás persoas celíacas

- a) Arroz
- b) Millo
- c) Legumes
- d) Trigo

22. O chan das cociñas nunca deberá varrerse:

- a) En seco
- b) En mollado
- c) As respostas a e b son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

23. Durante o seu almacenamento os alimentos deberán estar illados do chan como mínimo:

- a) 10 centímetros
- b) 20 centímetros
- c) 80 centímetros
- d) Ningunha é correcta

24. Os xoguetes na etapa de 6 a 12 meses:

- a) Deben ir encamiñados a súa actividade preferida, manipular obxectos.
- b) Deben ser de gran tamaño porque aínda non saben usar os dedos “ en pinza” para coller os obxectos.
- c) Tamén debemos estimular o desenvolvemento afectivo con peluches e muñecos
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

25. A temperatura óptima para o crecemento de microorganismos pode localizarse entre:

- a) 30 e 40 graos centígrados
- b) 10 e 40 graos centígrados.
- c) 20 e 60 graos centígrados
- d) 10 e 60 graos centígrados.

26. Os accidentes máis comúns no primerio ciclo de educación infantil son:

- a) Caídas, queimaduras e asfixia por corpos estranos
- b) Asfixias durante a comida
- c) Lesións oculares graves
- d) Ningunha das anteriores

27. Cando un/unha neno/nena leva un golpe ou ferida é importante que o persoal :

- a) Lle trasmita afecto e tranquilidade.
- b) Consulte o expediente do menor antes de tratar a ferida por si consta que ten algun tipo de alerxia
- c) Avisar a familiar da circunstancia para que o manteñan vixiado, en caso necesario.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

28. Cal das seguintes funcións, que pode realizar un bebé, é básica para a supervivencia?

- a) Chorar
- b) Sorrir
- c) Mirar
- d) Ningunha das anteriores

29. Cal das seguintes enfermidades produce erupcións na pel?

- a) Tosferina
- b) Escarlatina
- c) Varicela
- d) Todas as anteriores son correctas .

30. No caso de golpe ou contusións, para proceder as primeiros auxilios, deberase:

- a) Aplicar frío na zona afectada, sen contacto directo coa pel.
- b) Manter a zona afectada en reposo.
- c) Se se produce nunha extremidade, mantela elevada.
- d) Todas as anteriores son correctas.

31. O botiquín da Escola Infantil deberá (sinalar a incorrecta):

- a) Ser facilmente transportable .
- b) Estar nun lugar accesible.
- c) Ter unha ubicación só coñecida polo persoal docente.
- d) Conter os teléfonos de urxencias ben visibles.

32. A qué idade se recomenda introducir os cereais con glúte?:

- a) Aos 3 meses
- b) A calquera idade
- c) A partir dos 7 meses
- d) Aos 12 meses

33. O/a neno/a é capaz de seguir un obxecto coa vista dende:

- a) O primeiro mes
- b) O segundo mes
- c) O cuarto mes
- d) O quinto mes

34. O Regulamento de funcionamento da Escola Infantil do Concello de Val do Dubra, no referente á integración de nenos con diversidade funcional:

- a) Non contempla nada
- b) Remite ao previsto na normativa autonómica
- c) Contempla que a efectos de ratio estas prazas contabilizaranse como dúas
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

35. O Regulamento de funcionamento da Escola Infantil do Concello de Val do Dubra, no referente ao período de vacacións do centro:

- a) Non contempla nada
- b) Sinala o mes de Agosto
- c) Remite ao previsto na normativa autonómica
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

36. En que zonas da escola infantil situaremos as denominadas “zonas blandas”?

- a) En todas as zonas pavimentadas
- b) No xardín
- c) Todas as respostas anteriores son correctas
- d) No chan do espazo exterior.

37. A decoración da Aula:

- a) Debe gustar a pais e educadores.
- b) Será algo alleo o neno, imposto dende fora.
- c) Debe convertir o espazo cotidiano nun espazo que guste, agradable, cómodo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

38. Qué espazos deben cumprir os criterios de non estar masificados, intentando reproducir o ambiente familiar e poseer tratamento acústico?

- a) A entrada
- b) Os comedores
- c) Os baños
- d) Todas son correctas

39. A que idade se reduce o tempo asignado as rutinas e aumenta o tempo adicado as actividades propostas polas/os educadoras/es?

- a) En bebés a partir de 6 meses
- b) A partir dos 18 meses
- c) Co grupo de 2 a 3 anos
- d) Co grupo de 1 ano

40. En que zona atoparemos as barras na parede para que as/os nenas/os poidan poñerse de pé e empezar a camiñar?

- a) Nas zonas de actividades.
 - b) Nas galerias e pasillos.
 - c) Nas zonas de xogo tranquilo.
 - d) Poden colocarse en calquera zona da gardería.
-

41. Na etapa infantil, o xogo:

- a) É fundamental para o desenvolvemento da/o nena/o a todos os niveis.
- b) A/o nena/o debe seguir as pautas dos educadores para xogar, nada de xogar por libre.
- c) É fundamental para o desenvolvemento psicomotriz da/do menor.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

42. As tarefas principais dun auxiliar de gardería son:

- a) Vivir e atender as necesidades das/dos menores.
- b) Facilitar e fomentar o desenvolvemento de hábitos de alimentación e hixiene saudables.
- c) Facilitar e apoiar o traballo das/os educadoras/es.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

43. Unha mala calidade de sono na etapa infantil pode alterar:

- a) A estabilidade afectiva da/o nena/o
- b) Xerar problemas de integración social e provocar serias dificultades escolares.
- c) As respostas A e B son correctas
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta